



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Helena Villar Janeiro

[Ramón Nicolás 5 Decembro 2013](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

-A amabilidade e a tolerancia.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

- A lealdade.

3.– Que agarda das súas amizades?

-Que sexan honestas e non me traizoen.

4.– A súa principal eiva?

-“Teño medo dunha cousa que vive e que non se ve”.

5.– A súa ocupación favorita?

-Saír ao campo provista dun cestiño no tempo dos cogomelos. En calquera época andar cunha cámara tratando de atopar algo orixinal que fotografar.

6.– O seu ideal de felicidade?

-Para min vivir en paz e co cariño dos meus. Para a sociedade, un estado xusto.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-A perda dun ser querido.

8.– Que lle gustaría ser?

-A soprano que sempre crin levar dentro.

9.– En que país desexaría vivir?

-A pesar de que sufro vendo o que nel hai de anómalo, en Galicia.

10.– A súa cor favorita?

-Azul.

11. – A flor que máis lle gusta?

-A rosa.

12.– O paxaro que prefire?

- Polo canto, o xílgaro. Pola beleza, o paporrubio.

13.– A súa devoción na prosa?

-Cervantes e Cunqueiro.

14.– E na poesía?

-Rosalía e Juan Ramón.

15. Un libro?

-*Follas novas*.

16.– Un heroe de ficción?

-Non me interesan os heroes de papel.

17.– Unha heroína?

-Tampouco a heroínas.

18.– A súa música favorita?

-O Requiem de Mozart.

19.– Na pintura?

– Van Gogh.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Martin Luther King.

21.– O seu nome favorito?

-Helena, por unha tradición familiar que se conserva.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-O chafardeo malidicente.

23.– O que máis odia?

-A inxustiza.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– Francisco Franco.

25.– Un feito militar que admire?

-Ningún.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-Dominar a emotividade.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Na miña casa e rodeada dos meus.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-O bo humor.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-A presunción se non é prepotente. A xente necesita autoestima.

30.– Un lema na súa vida?

-Ánimo, que todo podería ser peor.